

CONCERTO

Rodrigo Romaní Trío

Salão Nobre da Câmara Municipal

Melgaço

28 de outubro de 2017



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Rodrigo Romaní é un músico coñecido para o público galego e español, primordialmente entre os amantes da música de raíz, polo seu traballo como fundador do grupo Milladoiro, co que percorreu o mundo durante vinte anos, promovendo o uso da arpa céltica na música galega e colaborando con artistas e orquestras de primeira fila por todo o planeta.

Nomes como Bill Whelan (Riverdance), Liam O'Flynn, the English Chamber Orchestra, a RTE Orchestra, a Orquestra Sinfónica de Galicia, etc. reclamaron a presenza de Rodrigo Romaní como solista de arpa para diferentes proxectos.

Produtor, compositor, educador, director de orquestra, comunicador, Rodrigo é tamén produtor dos primeiros traballos de artistas como Susana Seivane ou Treixadura. Compositor galardoado cun Goya e cun María Casares, entre outros premios. Fundador e educador na E-Trad (Escola Municipal de Música Folk e Tradicional de Vigo), onde ensinou arpa; director da primeira orquestra española de folk, Sondeseu, e promotor da *world music* a través dos seus programas na radio pública de Galicia.

Gravou unha ducia de álbums con Milladoiro e participou noutras formacións como Lizgairo. Recibiu diferentes galardóns e nomeamentos polas súas gravacións en diversos países. Como solista publicou tres traballos: *Albeida* (2001), *Cantos Caucanos* (2003) e *As Arpas de Breogán* (2012).

Beatriz Martínez comezou a estudar a arpa na E-Trad (Escola Municipal de Música Folk e Tradicional de Vigo) en 2005 co prestixioso arpista Rodrigo Romaní. Forma parte da Orquestra Folk SondeSeu, coa que gravou dous discos (*Barlovento*, 2010; *Danzas Brancas*, 2014).

Especialízase en música tradicional galega e no seu último ano de estudos funda Ghaveta, cuarteto folk que grava o traballo *Disque* en 2015.

Participou en festivais internacionais como Lorient, Céltica, Celtic Connections Glasgow, Festival Internacional de Arpa Vila de Noia (2014, 2015), Folkez Blai (Ermua) e o International Festival of Harps en Dinán, Bretaña.

Beatriz ensina arpa céltica e realiza concertos en solitario así como actividades de divulgación da arpa.

Xulia Feixoo é licenciada en Historia da Arte, especialidade Historia da Música (Universidade de Santiago de Compostela, 2010) e titulada superior en Etnomusicoloxía (Conservatorio Superior de Música de Vigo). Dende 2008 e ata 2011 foi directora da sección de percusión e percussionista da banda de gaitas Xarabal, coa que participou nos festivais europeos máis importantes de música folk: o Festival Interceltique de Lorient (2008), o Festival do Mundo Celta de Ortigueira (2009) e o Festival Peuples Minoritaires de Aosta (2011), entre outros.

PROGRAMA

17:30 h

RODRIGO ROMANÍ TRÍO

Beatriz Martínez (arpa), Xulia Feixoo (percusións) e Rodrigo Romaní (arpa e voz)

O concerto de Rodrigo Romaní Trío presenta unha combinación baseada no virtuosismo dos arranxos de materiais tradicionais e de composición propia con elementos de acusada intención rítmica desde a frescura e a forza da interpretación, adiantando un repertorio que pronto se verá reflectido nun novo traballo discográfico. Foi estreado no I Achill International Harp Festival 2016, en Irlanda, compartindo cartel con figuras da importancia de Ismael Ledesma, Laoise Kelly ou Mary MacMaster.

Repertorio

Torres no ár (R. Romaní)

Vaiven dos pilros bule-bule (R. Romaní)

Indo de cara á Grixoa (Tradicional)

Pasacalles do Canizo e Ribeirana de O Covelo (Tradicional)

Loliña e Jotabé (Tradicional-Melo Suárez)



Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705, Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205